

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DE ABADÍN

Anuncio.

En cumprimento co disposto no artigo 93.2º do Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, publícase o seguinte anuncio:

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Concello de Abadín.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.

2. Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: mellora do tramo urbano da rede de estradas do Estado no temo municipal de Abadín N-634 do p.k. 604,400 ao p.k. 605,170.

b) Boletín ou diario oficial e data de publicación do anuncio de licitación: BOP nº 30, do 6 de febreiro de 2008, e no *Diario Oficial de Galicia* nº 25, do 5 de febreiro de 2008.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso.

4. Orzamento base de licitación.

Importe total: 160.389,73 euros, IVE incluído.

5. Adxudicación.

a) Data: 10 de abril de 2008 (acordo de Xunta de Goberno Local).

b) Contratista: *Construcciones Isidro Otero, S.L.* con CIF B-27250182 e domicilio social en Valiñadaredes, 8, Mondoñedo (Lugo).

c) Importe de adxudicación: 151.552,26 €.

Abadín, 25 de abril de 2008.

José Mª López Rancaño
Alcalde

CONCELLO DE BERGONDO

Anuncio.

En cumprimento do disposto no artigo 93.2º do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, e nos artigos 76 e 77 do Regulamento xeral da Lei de contratos das adminis-

tracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, publícase a seguinte adxudicación de contrato de obra:

1. Entidade adxudicadora.

Organismo: Concello de Bergondo.

Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Xeral: Servizo de Contratación.

2. Obxecto do contrato.

Descrición do obxecto: saneamento da zona de Cortiñán, 1ª fase.

Datas de publicación do anuncio de licitación: BOP nº 6 e DOG nº 7, do 8 e 10 de xaneiro de 2008 respectivamente.

3. Tramitación, procedemento e forma.

Urxente, aberto e poxa.

4. Orzamento base de licitación.

120.241,44 €.

5. Adxudicación.

Órgano: Xunta de Goberno Local.

Data: 15-4-2007.

Contratista: UTE *Ferorsa Proyectos y Obras, S.L.* e *Fomento de Áridos y Obras, S.L.*

Nacionalidade: española.

Importe de adxudicación: 87.451,11 €.

Bergondo, 23 de abril de 2008.

P.D. (Decreto 175/2008)
José M. Francisco Mata Buyo
Alcalde en funcións

CONCELLO DE MUÍÑOS

Resolución do 24 de maio de 2008 referente á convocatoria para prover varias prazas.

No BOP de Ourense nº 118, do 24 de maio de 2008, publícanse integramente as bases para a provisión de prazas incluídas na oferta de emprego público do ano 2006 que se indican no anexo.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOE, os sucesivos anuncios relacionados con esta convocatoria publicaranse unicamente no BOP de Ourense e no taboleiro de anuncios do concello, conforme o establecido nas correspondentes bases.

Muíños, 24 de maio de 2008.

Plácido Álvarez Dobaño
Alcalde

ANEXO

a) Cadro de persoal funcionario:

-Unha (1) praza de administrativo, escala de administración xeral, reservada para promoción interna, grupo C, subgrupo C1.

b) Persoal laboral fixo:

-Unha (1) praza de persoal laboral fixo de axente de emprego e desenvolvemento local/asistencia xurídico-administrativa e de urbanismo, grupo A, subgrupo A2.

-Unha (1) praza de persoal laboral fixo de información, coordinación, promoción e servizos varios no complexo turístico do Corgo e auxiliar administrativo nas dependencias municipais, grupo C, subgrupo C2.

-Unha (1) praza de persoal laboral fixo de auxiliar administrativo de servizos sociais e dependencias municipais, secretaría do xulgado de paz, grupo C, subgrupo C2.

CONCELLO DE NEDA*Anuncio.*

Aprobado polo Pleno do Concello na sesión ordinaria do día 15 de maio de 2008 anúnciase a licitación do contrato administrativo para a realización da obra e concesión da explotación que se dirá, mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración:

1. Entidade adxudicadora: Concello de Neda.

2. Obxecto do contrato: execución da obra e concesión da explotación do parque eólico singular de titularidade municipal do Concello de Neda.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: multiplicidade de criterios.

4. Réxime económico.

Canon fixo: mínimo de licitación 30.000 euros.

Canon variable: proporá o licitador un tanto por cento da facturación bruta anual do parque eólico, cun mínimo do 4%.

Este canon variable pagarase dentro do mes de xaneiro de cada ano.

5. Garantías.

Provisional: 2% do orzamento de investimentos presentado na propia oferta.

Definitiva: 5% do orzamento de adxudicación.

6. Obtención da documentación e información.

a) Entidade: copistaría CUTUS.

b) Enderezo: r/ Cuntis 75.

c) Localidade: Ferrol.

d) Teléfono: 981 33 31 82.

e) Data límite para obter documentos e información: durante o prazo de presentación de proposicións.

7. Presentación das ofertas ou as solicitudes de participación.

a) Prazo: ata o vixésimo sexto día natural desde o seguinte ao da última publicación deste anuncio no DOG e BOP.

b) Documentación que hai que presentar: a sinalada na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación: rexistro xeral do Concello de Neda.

8. Apertura das ofertas: a data de apertura da documentación que debe facerse en acto público será sinalada no seu momento pola mesa de contratación, notificando para tal fin os participantes na licitación.

9. Gastos de anuncios: por conta do adxudicatario.

Simultaneamente exponse ao público polo prazo de oito días hábiles contados desde a inserción do último dos anuncios de licitación no BOP e DOG e para os efectos previstos no artigo 122.1º do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, o prego de cláusulas económico-administrativas, quedando aprazada a licitación canto resulte necesario, de presentaren reclamacións aos pregos.

Neda, 19 de maio de 2008.

Ignacio Cabezón Lorenzo
Alcalde

CONCELLO DO VALADOURO*Anuncio de adxudicación.*

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Concello do Valadouro.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría-Intervención.

2. Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: contrato administrativo de consultoría e asistencia técnica.

b) Descrición do obxecto: redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello do Valadouro.

c) Boletíns e datas de publicación do anuncio de licitación: BOP número 264, do 16 de novembro de